



MEMORIA DE CALIDADE

**FACULTADE DE FORMACIÓN DO
PROFESORADO**

Curso Académico: 2012-2013

Índice

	Páxina
Introdución	3
Estrutura da Facultade de Formación do Profesorado para o desenvolvemento do SGIC	4
Sistema de Garantía Interna de Calidade	7
Indicadores do SGIC	8
Informes de seguimento	12
Plan de melloras da Facultade de Formación do Profesorado	13

Introdución

A Facultade de Formación do Profesorado é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, coa finalidade de garantir que os programas formativos que se imparten dan resposta ás demandas de excelencia. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Formación do Profesorado deseña e desenvolve a súa política marcándose precisamente como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Desde esta perspectiva, a Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado, correspondente ao curso académico 2012-2013, recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos na Facultade e ao plan de melloras do centro para o curso 2013-2014, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado correspondente ao curso 2012-2013 foi aprobada pola Comisión de Calidade con data 30 de abril de 2014 e pola Xunta de Facultade con data 5 de xuño de 2014.

Estrutura da Facultade de Formación do Profesorado para o desenvolvemento do SGIC

Ámbito de aplicación. O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2012-2013 afecta a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2012-2013 foron:

- Grao en Mestre/a de Educación Infantil.
- Grao en Mestre/a de Educación Primaria.
- Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas.
- Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.
- Diplomaturas en Mestre/a, especialidades de Educación Infantil, Educación Primaria, Lingua Estranxeira e Educación Física (en extinción).

Os graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, así como o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas, impártense conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación. No caso das Diplomaturas en Mestre ou Mestra, non se impartiu docencia durante o curso 2012-2013, limitándose a actividade docente á realización de probas de avaliación.

Documentación de referencia. Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas pola

USC.

- Memoria para a verificación do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza pola USC.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Formación do Profesorado (pendente de aprobación polo Consello de Goberno da USC).
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo decanal, a Comisión de calidade, o/a responsable de calidade do centro, as comisións de título e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un deles en relación co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado. Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade do centro durante o curso 2012-13:

MEMBROS DA CCC

O Decano e Responsable de calidade da Facultade de Formación do Profesorado, quen convocará e presidirá.

A Vicedecana.

A Secretaria, que actuará como secretaria da Comisión.

Os/As coordinadores/as de título: Grao en Mestre/a de Educación Infantil; Grao en Mestre/a de Educación Primaria; Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas; Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza; Diplomaturas en Mestre/a (a extinguir).

Os/As coordinadores/as de curso dos graos.

As coordinadoras do Prácticum dos graos.

A Responsable da Unidade de apoio á xestión.

1 representante do alumnado.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGIC na Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias: informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e

as súas propostas de mellora, e memorias de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título.

Reunións da Comisión de Calidade, durante o curso 2012-2013:

- A Comisión de Calidade celebrou unha reunión ordinaria o día 29 de novembro de 2012, co obxecto de aprobar os informes de seguimento das titulacións.

Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) conforma un elemento esencial na política e actividades formativas da USC. O seu obxectivo básico é garantir a calidade de todas as titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos, de xeito que se facilite a acreditación das titulacións e o mantemento da mesma, así como a satisfacción das necesidades e expectativas dos grupos de interese.

O SGIC marco da USC está deseñado seguindo os modelos da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade (ANECA) e mais da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e está articulado en 9 criterios e 46 directrices construídos sobre 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES. Os documentos que configuran o SGIC son o "Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos". Ambos os dous documentos están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade

<http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2012-2013 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento.

Indicadores do SGIC

Os indicadores que se amosan a continuación proceden dos datos de calidade que proporciona a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade, correspondentes ao curso 2012-13.

<http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/datoscalidade.html>

Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR (30/10/2013)
IN01-PC-05	Prazas ofertadas	90
IN02-PC-05	Matrícula	248
IN03-PC-05	Matrícula de novo ingreso	97
IN05-PC-05	Nota media de acceso por inscrición previa	6,7
IN10-PC-05	Alumnado inscrito previamente e matriculado en relación coas prazas ofertadas	71,1
IN23-PS-01	Porcentaxe de PDI-TC con sexenios en relación co PDI-TC con quinquenios	45,0
IN25-PS-01	Porcentaxe de PDI-TC que é funcionario	60,0
IN29-PS-01	Estudantes por docente equivalente a TC	8,3
IN30-PS-01	Estudantes por grupo de teoría	82,0
IN32-PS-02	Ordenadores conectados á rede "para docencia"	16
IN33-PS-02	Ordenadores conectados á rede "para docencia" por estudante equivalente a TC	2,9
IN34-PS-02	Ordenadores conectados á rede "non para docencia"	38
IN35-PS-02	Ordenadores conectados á rede "non para docencia" por estudante equivalente a TC	6,8
IN40-S01-PM-01	Taxa de rendemento	93,5
IN41-S01-PM-01	Taxa de éxito	96,0
IN42-S01-PM-01	Taxa de avaliación	96,9

Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR (30/10/2013)
IN01-PC-05	Prazas ofertadas	90
IN02-PC-05	Matrícula	269
IN03-PC-05	Matrícula de novo ingreso	102
IN05-PC-05	Nota media de acceso por inscrición previa	6,8
IN10-PC-05	Alumnado inscrito previamente e matriculado en relación coas prazas ofertadas	55,6
IN23-PS-01	Porcentaxe de PDI-TC con sexenios en relación co PDI-TC con quinquenios	33,3
IN25-PS-01	Porcentaxe de PDI-TC que é funcionario	54,8
IN29-PS-01	Estudantes por docente equivalente a TC	8,7
IN30-PS-01	Estudantes por grupo de teoría	89,4
IN32-PS-02	Ordenadores conectados á rede "para docencia"	16
IN33-PS-02	Ordenadores conectados á rede "para docencia" por estudante equivalente a TC	2,9
IN34-PS-02	Ordenadores conectados á rede "non para docencia"	38
IN35-PS-02	Ordenadores conectados á rede "non para docencia" por estudante equivalente a TC	6,8
IN40-S01-PM-01	Taxa de rendemento	88,5
IN41-S01-PM-01	Taxa de éxito	95,3
IN42-S01-PM-01	Taxa de avaliación	95,6

Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR (30/10/2013)
IN01-PC-05	Prazas ofertadas	28
IN02-PC-05	Matrícula	33
IN03-PC-05	Matrícula de novo ingreso	28
IN11-PC-05	Estudantes solicitantes en relación coas prazas ofertadas	171,4
IN23-PS-01	Porcentaxe de PDI-TC con sexenios en relación co PDI-TC con quinquenios	55,6
IN25-PS-01	Porcentaxe de PDI-TC que é funcionario	44,0
IN29-PS-01	Estudantes por docente equivalente a TC	1,3
IN30-PS-01	Estudantes por grupo de teoría	25,1
IN32-PS-02	Ordenadores conectados á rede "para docencia"	16
IN33-PS-02	Ordenadores conectados á rede "para docencia" por estudante equivalente a TC	2,9
IN34-PS-02	Ordenadores conectados á rede "non para docencia"	38
IN35-PS-02	Ordenadores conectados á rede "non para docencia" por estudante equivalente a TC	6,8
IN41-S01-PM-01	Taxa de rendemento	99,8
IN42-S01-PM-01	Taxa de avaliación	100,0
IN44-S01-PM-01	Duración media dos estudos	1,1
IN45-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	99,1

Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (*)

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR (30/10/2013)
IN01-PC-05	Prazas ofertadas	240
IN02-PC-05	Matrícula	214
IN03-PC-05	Matrícula de novo ingreso	191
IN11-PC-05	Estudantes solicitantes en relación coas prazas ofertadas	200,8
IN23-PS-01	Porcentaxe de PDI-TC con sexenios en relación co PDI-TC con quinquenios	47,5
IN25-PS-01	Porcentaxe de PDI-TC que é funcionario	60,5
IN29-PS-01	Estudantes por docente equivalente a TC	2,8
IN30-PS-01	Estudantes por grupo de teoría	21,0
IN32-PS-02	Ordenadores conectados á rede "para docencia"	16
IN33-PS-02	Ordenadores conectados á rede "para docencia" por estudante equivalente a TC	2,9
IN34-PS-02	Ordenadores conectados á rede "non para docencia"	38
IN35-PS-02	Ordenadores conectados á rede "non para docencia" por estudante equivalente a TC	6,8
IN41-S01-PM-01	Taxa de rendemento	100,0
IN42-S01-PM-01	Taxa de avaliación	100,0
IN44-S01-PM-01	Duración media dos estudos	1,1
IN45-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	99,4

(*) Datos conxuntos coa Facultade de Ciencias da Educación.

Informes de seguimento

Na Facultade de Formación do Profesorado impartíronse durante o curso 2012-2013 os seguintes títulos:

- Grao en Mestre/a de Educación Infantil.
- Grao en Mestre/a de Educación Primaria.
- Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas:
 - a) Especialidade de Ciencias Experimentais, Matemáticas, e Tecnoloxía e Informática (itinerario de Ciencias Experimentais).
 - b) Especialidade de Formación Profesional (itinerario de Sector Primario e Secundario).
- Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

As comisións dos títulos elaboraron os respectivos informes de seguimento correspondentes ao curso 2012-2013. Estes informes foron enviados á Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade da USC para a súa posterior remisión á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. Cómpre sinalar que non houbo resposta aos anteriores informes de seguimento, os correspondentes aos cursos 2010-11 e 2011-12.

Plan de melloras da Facultade de Formación do Profesorado

O plan de melloras da Facultade de Formación do Profesorado elaborouse tendo en conta as propostas de mellora incluídas nos informes de seguimento de cada unha das titulacións impartidas no centro. Deste xeito, son accións específicas do plan de melloras do centro para o curso 2013-2014 as que se detallan a continuación.

AM1. Modificación do calendario das PAU.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos en Mestre.

Descrición orixe: Incorporación de estudantes cando xa está moi avanzado o primeiro semestre, o que lles dificulta a superación das materias dese período.

Definición/descrición proposta: Solicitar ao órgano correspondente da USC que inste á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que adiante ao mes de xullo a convocatoria das PAU que agora se celebra en setembro.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 13/05/2014 Data inicio: 11/12/2013

AM2. Modificación dos prazos e axilización do proceso de validacións.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos en Mestre.

Descrición orixe: Incorporación de estudantes con expedientes de validación a determinadas materias cando xa está moi avanzada a súa docencia.

Definición/descrición proposta: Instar á USC a que modifique os prazos e axilice o proceso administrativo relacionado coas validacións de materias.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 13/05/2014 Data inicio: 11/12/2013

TAREFA 1: Elevar unha solicitude ao órgano correspondente da USC para que se reduzan os prazos en relación coas solicitudes de validación.

Responsable: Decano da Facultade.

TAREFA 2: Reducir o prazo de resolución de expedientes de validación na Facultade a un máximo de 20 días.

Responsable: Responsable da Unidade de apoio á xestión.

AM3. Mellorar a información sobre a profesión de mestre que se lles proporciona aos estudantes de Bacharelato.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos en Mestre.

Descrición orixe: Constatación do descoñecemento por parte de numerosos estudantes acerca do significado de ser mestre e das aptitudes que require o desempeño desta profesión.

Definición/descrición proposta: Solicitar dos responsables do Programa A Ponte que

deseñen estratexias apropiadas que permitan ofrecer información específica sobre os diferentes Graos, en particular sobre as titulacións de Mestre.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 13/05/2014 Data inicio: 11/12/2013

AM4. Modificación da aplicación informática utilizada para a matrícula dos estudantes.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos en Mestre.

Descrición orixe: Constatación de estudantes que se matricularon indebidamente nas materias do Prácticum sen cumpriren algún dos requisitos académicos establecidos no Informe de Verificación do Título.

Definición/descrición proposta: Instar aos servizos correspondentes da USC a que introduzan na aplicación informática de matrícula dos estudantes os filtros de incompatibilidade de matrícula nas materias do Prácticum.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/07/2014 Data inicio: 11/12/2013

AM5. Revisión do deseño da mención cualificadora en Titoría e xestión de centros.

Orixe acción: Informe de seguimento do grao en Mestre/a de Educación Primaria.

Descrición orixe: Informe final de avaliación da solicitude de modificación de Plan de estudos do día 23/09/2013. Expediente nº 3447/2010.

Definición/descrición proposta: Revisar a mención en Titoría e xestión de centros.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/09/2014. Data inicio: 11/12/2013.

AM6. Convocatoria para acreditar os centros e mais os titores de prácticas (Prácticum dos graos en Mestre).

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos en Mestre.

Descrición orixe: Negativa da maior parte dos colexios públicos da cidade de Lugo a acoller estudantes en prácticas.

Definición/descrición proposta: Solicitar á Vicerreitoría de Titulacións e PDI que inste á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que convoque o proceso para acreditar os centros e mais os titores de prácticas para os graos en Mestre.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/07/2014 Data inicio: 11/12/2013

AM7. Modificar o procedemento para acreditar os centros e mais os titores de prácticas (Prácticum do Máster en Profesorado de Educación Secundaria).

Orixe acción: Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria.

Descrición orixe: Deficiencias na base de datos de centros e titores que facilita a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Definición/descrición proposta: Negociar coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria un procedemento máis eficaz para acreditar os centros e mais os titores que permita dispor dunha base de datos fiable e actualizada de centros e titores antes de comezar o Prácticum.

Responsable: Coordinador/a do Máster.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 30/06/2014

Data inicio: 01/02/2014

TAREFA 1: Reunión dos coordinadores do Máster nas outras universidades do SUG para analizar problemas e propoñer solucións.

Responsable: Coordinador/a do Máster.

TAREFA 2: Reunión dos coordinadores do Máster das universidades galegas con responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para trasladar o problema e achegar propostas de solución.

Responsable: Coordinador/a do Máster.

AM8. Mellorar aspectos da coordinación docente no Máster en Profesorado de Educación Secundaria.

Orixo acción: Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria.

Descrición orixe: Deficiencias na coordinación da docencia, derivadas do elevado número de materias do Máster e a súa adscrición a áreas de coñecemento diversas, o que provoca desaxustes e solapamentos.

Definición/descrición proposta: Mellorar a coordinación entre os programas das materias e entre os docentes responsables de impartilas para asegurar coherencia no seu contido e nas achegas de cada unha ás competencias previstas no Máster.

Responsable: Coordinador/a do Máster.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 30/09/2014

Data inicio: 01/01/2014

TAREFA 1: Análise dos programas das materias do curso 2012-2013 por módulos e especialidades.

Responsable: Coordinador/a do Máster.

TAREFA 2: Información-debate entre o profesorado dos distintos módulos para coñecer a achega de cada un á formación dos estudantes e asegurar a súa complementariedade.

Responsable: Coordinador/a do Máster.

AM9. Revisar a configuración do Prácticum das titulacións de grao en Mestre.

Orixo acción: Informes de seguimento dos graos en Mestre.

Descrición orixe: Constatación de certos desaxustes na configuración das materias do Prácticum.

Definición/descrición proposta: Apertura dun debate sobre a configuración do Prácticum no plan de estudos, conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/09/2014

Data inicio: 11/12/2013

AM10. Aumentar o recoñecemento docente das tarefas de titorización de TFG e TFM.

Orixo acción: Informes de seguimento dos graos e másteres.

Descrición orixe: Insuficiente número de horas de docencia que se recoñecen na PAA para as tarefas de titorización de TFG e TFM.

Definición/descrición proposta: Solicitar á Vicerreitoría de Titulacións e PDI que inclúa na PAA 2014/15 un recoñecemento das tarefas de titorización de TFG e TFM acorde coa dedicación real que esixe a realización deste traballo en condicións de calidade.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 31/01/2014

Data inicio: 13/01/2014

AM11. Ampliación do cadro de persoal docente en función da acreditación posuída.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos.

Descrición orixe: Escaseza de recursos docentes e demasiado profesorado con dedicación a tempo parcial.

Definición/descrición proposta: Instar aos departamentos a que soliciten as prazas de profesorado necesarias para impartir a docencia nas condicións de calidade que prevén os informes para a verificación dos títulos e o Sistema de Garantía de Calidade, tendo en conta a acreditación posuída e a substitución de contratos a tempo parcial por outros a tempo completo.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/09/2014.

Data inicio: 11/12/2013.

AM12. Capacitación de persoal cualificado para apoiar as novas necesidades docentes en relación co uso das TIC.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos.

Descrición orixe: Non existe persoal na Facultade para atender as necesidades docentes en relación co uso das TIC.

Definición/descrición proposta: Instar á Xerencia para que dote á Facultade de persoal cualificado no uso das TIC.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/09/2014.

Data inicio: 11/12/2013.

AM13. Renovación do equipamento informático das aulas de docencia.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos.

Descrición orixe: Equipamento informático obsoleto en aulas de docencia.

Definición/descrición proposta: Solicitar a renovación do equipamento informático na convocatoria da USC de axudas para accións de mellora da docencia.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/09/2014.

Data inicio: 11/12/2013.

AM14. Ampliación do espazo para o desenvolvemento da docencia.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos.

Descrición orixe: Falta de espazo para o desenvolvemento da docencia, porque case a metade da superficie do edificio da Facultade está ocupada por unha institución allea á USC (CEIP Anexa).

Definición/descrición proposta: Instar á redacción e execución do Convenio entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que posibilite unha axeitada redistribución dos espazos.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/09/2014.

Data inicio: 11/12/2013.

AM15. Dotación dun Salón de Graos.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos.

Descrición orixe: Necesidade dun espazo apropiado para a presentación de TFG, TFM, Teses de Doutoramento, Concursos a prazas docentes, etc.

Definición/descrición proposta: Acondicionamento dun espazo apropiado para a súa utilización como Salón de Graos.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/06/2014. Data inicio: 11/12/2013.

AM16. Dotación dun despacho para Vicedecanato.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos.

Descrición orixe: Inexistencia dun despacho para Vicedecanato.

Definición/descrición proposta: Remodelación dos despachos de Decanato e Administración para ubicar nestes o Vicedecanato.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/06/2014. Data inicio: 11/12/2013.

AM17. Simplificación e actualización do Manual do SGIC da Facultade.

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos.

Descrición orixe: Os manuais do SGIC do centro non están actualizados e resultan demasiado complexos e pouco eficientes.

Definición/descrición proposta: Reestruturar, simplificar e actualizar a información que conteñen os manuais do SGIC.

Responsable: Decano da Facultade.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 01/09/2014. Data inicio: 11/12/2013.

AM18. Clarificar e actualizar as táboas de validacións..

Orixe acción: Informes de seguimento dos graos.

Descrición orixe: As táboas de validacións que figuran nos informes para a verificación dos títulos e as resolucións para aplicarlas ofrecen algunhas disfuncións que cómpre clarificar para facilitar a súa aplicación.

Definición/descrición proposta: Solicitar do servizo correspondente da USC unha interpretación axeitada das previsións en materia de validacións, así como completar as táboas correspondentes.

Responsable: Decano da Facultade e Responsable da Unidade de apoio á xestión.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 30/06/2014. Data inicio: 13/01/2014.

AM19. Mellorar a difusión do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Orixe acción: Informe de seguimento do Máster DAEN.

Descrición orixe: Constatación da escasa difusión do Máster DAEN fóra de Galicia.

Definición/descrición proposta: Difundir o máster nos contextos español e europeo a través de presentacións en foros internacionais e revistas profesionais de educación.

Responsable: Coordinador do Máster.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 20/12/2013. Data inicio: 01/10/2013.

TAREFA 1: Presentación dunha comunicación no 8º Congreso de Forest Pedagogics (Bilbao).

Responsable: Coordinador do Máster.

TAREFA 2: Publicación dun artigo sobre o máster nunha revista científica de alta difusión no ámbito da educación.

Responsable: Coordinador do Máster.

AM20. Definir estratexias de coordinación entre materias e de traballo en equipo do profesorado.

Orixo acción: Informe de seguimento do Máster DAEN.

Descrición orixe: Dificultades do profesorado para coordinar os programas e as actividades das materias, e falta de experiencia para o traballo en equipo.

Definición/descrición proposta: Establecer unha estratexia para aumentar o traballo conxunto entre as distintas materias e fomentar o traballo en equipo do profesorado participante no máster (xornada de formación).

Responsable: Coordinador do Máster.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 30/09/2014. Data inicio: 30/03/2014.

AM21. Establecer un programa de intercambio Erasmus.

Orixo acción: Informe de seguimento do Máster DAEN.

Descrición orixe: O máster non participa en programas de intercambio.

Definición/descrición proposta: Realizar as xestións necesarias para conseguir a participación do máster nalgún programa de intercambio interuniversitario.

Responsable: Coordinador do Máster.

Órgano de seguimento: Comisión de Calidade do Centro.

Data prevista de finalización: 30/08/2014. Data inicio: 30/04/2014.